



Luns, 24 de febreiro do 2014

A comunidade universitaria súmase ás homenaxes á “intérprete máis veraz dos nosos dramas colectivos”

Lectura “plural e sen ataduras” para celebrar o Día de Rosalía

Escoitáronse versos na súa lingua orixinal e nas diferentes versións traducidas

D. Besadío | Vigo

Como non, en galego, pero tamén en vasco, en inglés, en castelán e mesmo en chino... os versos de Rosalía de Castro soaron con forza este luns en toda Galicia e fixérono tamén no campus, na Facultade de Filoloxía e Tradución, onde todo aquel que quixo participou nunha lectura “plural e sen ataduras”, unha pequena homenaxe á escritora como unha peza clave no imaxinario colectivo galego no día do 177 aniversario do seu nacemento.

Organizado pola Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega en colaboración coa Comisión de Normalización Lingüística da facultade, o acto iniciouse coa lectura da profesora e escritora Rexina Vega do manifesto publicado pola AELG con motivo desta data, un documento no que se avoga por non reducir a homenaxe a un “canto fúnebre”, xa que, “ela debe ser sempre outra cousa, unha forza rabuda que move os marcos da literatura... alguén que se vivise neste século XXI, seguiría a denunciar todos aqueles que, baixo a máscara da honradez, pretenden converter a lei en atadura, o corpo en cárcere, a liberdade en servidume”. Por estes motivos, e por moitos outros, que foi debullando un a un Rexina Vega, desde AELG reclamárona “viva os trescentos sesenta e cinco días do ano” para que “os seus versos nos invadan e fender con eles o

silencio administrativo dos poderosos”.

Unha vez tiver un cravo... e moito máis

Gústame este poema por... Rosalía para mín é... Cada persoa que participou nesta lectura colectiva achegou aos participantes a súa propia visión do universo rosaliano. Silvia Pena foi a primeira en romper o xeo coa lectura de *Unha vez tiver un cravo* “un poema que recitei no colexio, con toda a vergoña do mundo, cando apenas tiña dez anos”. Tamén cara atrás mirou o escritor Xurxo Valcárcel que trouxo consigo o primeiro libro de Rosalía que chegou ás súas mans “hai case 40 anos cando mo regalou meu pai”. Foi o inicio, logo veu *A xustiza pola man, Negra sombra, En las orillas del Sar ...*

Ana Bringas, Amparo Solla e Manuel Forcadela foron algúns dos profesores do centro que participaron nunha lectura que contou tamén coa implicación do alumnado do centro, incluído o estudiantado estranxeiro que foi o que se encargou de facer a lectura das diferentes versións traducidas no proxecto *Rosalía é mundial*, unha iniciativa impulsada pola Universidade de Vigo e a Fundación Rosalía que permitiu a tradución de dous dos poemas máis coñecidos de Cantares Gallegos, *Adios ríos, adios fontes e Airiños, airiños, aires* a unha longa lista de idiomas.

Exposición de textos

Xunto ao recitado dos versos, a homenaxe incluíu tamén outra actividade relacionada co programa graffitiRosalía, e que consistiu en que cada participante na lectura ‘grafitou’ nun papel de estraza colocado con tal motivo no corredor da facultade algún verso ou palabra significativa de Rosalía de Castro. “Trátase de crear masa crítica, músculo colectivo arredor da mensaxe de Rosalía”, subliñou Rexina Vega, ao tempo que animou a todos os participantes a participar na iniciativa.

Paralelamente a este acto, a Biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución organizou unha exposición de textos de Rosalía e estudos sobre a súa obra que forman parte dos fondos da Biblioteca e que poderá visitarse ata o vindeiro día 28.